

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2026/044

En Ribeira de Piquín, a 7 de abril de 2026.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun/dunha (1) técnico/a en xestión forestal.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.

De conformidade co expediente de provisión dun/dunha técnico(a en xestión forestal, como persoal temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución da Presidencia núm. 2026/037, de data 25 de marzo de 2026.

Visto que con data 28 de marzo de 2025 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 071, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
López Gavín, Alba	***5972**	SI

LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: Dna. Silvia Castañal González, Administrativa da Fundación Terreo (Lugo).

Vogais:

D. Miguel Fernández Labrada, Enxeñeiro Agrícola da Fundación Terreo (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Beatriz Pereiro Sordo, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretaria: A Secretaria da Fundación Municipal Terreo, Dna. Pilar Tella Mazoy, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o 13 de abril de 2026, ás 9:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 9:30 horas do día 13 de abril de 2026, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal “TerrEo” na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínao o Sr. Presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 7 de abril de 2026. Do cal como Secretaria, Dou Fe.

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Presidente.

Asdo.: Dna. Pilar Tella Mazoy,
Secretaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE